

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO
31 DE XULLO DE 2023

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinte horas do luns 31 de xullo de 2023** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Luis Antonio Pérez Barral o 26-07-2023*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno ordinario

A celebración do pleno adopta a modalidade de “presencial” según Decreto de Alcaldía de data 26 de xullo de 2023

Partido Popular (PP)
1.-María José Sampedro Fernández
2.-Ana Isabel Barreiro Rego
3.-Alejandro Vidal Álvarez. <i>Excusa a súa ausencia</i>
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Manuel Vicente Reiriz Bretal.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Ramón José Doval Sampedro
8.-Carmen Pérez Gómez.
9.-Estrella Franco Lijó
10.-Eladio Muñiz Muñiz
Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez
3.-Genoveva María Betanzos Fernández
4.-Antia Alberte Maneiro
5.-Xabier Vidal Peón.
Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-Maria Herminia Pouso Maneiro
3.-Juan Luis Furones Ramos
4.-Tania Redondo Fernández
5.-Fernando Abrales Pérez
Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-Francisco Suárez-Puerta Colomer

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo, **D. Pablo Bao Castro**.



ORDE DO DÍA

PARTE I.-ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO-ORGANIZACIÓN MANDATO CORPORATIVO 2023-2027- DE 19 DE XULLO DE 2023.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do **Pleno extraordinario** (Organización Mandato Corporativo 2023-2027) celebrado o **19 de xullo de 2023**.

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión extraordinaria (Organización Mandato Corporativo 2023-2027)** do día **19 de xullo de 2023**.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes este acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión extraordinaria** (Organización Mandato Corporativo 2023-2027) celebrada o **19 de xullo de 2023**.

2.- ACEPTACIÓN CESIÓN GRATUITA DE BEN INMOBLE EFECTUADA POR D. FRANCISCO SANLÉS SAMPEDRO. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN

Dase conta ao Pleno da Corporación dunha proposta da Alcaldía de data 21 de xullo de 2023 do seguinte tenor literal:

“CONSIDERANDO que por parte de **D.Francisco Sanlés Sampedro, DNI nº 33154638**, ofreceuse a este Concello a cesión gratuita dun ben da súa propiedade coa seguinte descrición, **finca rústica sita en Castiñeiras**:

“Candexás, a tojal, de oito concas o tres áreas veintidós centiáreas, que linda: Norte, de heredeiros de Ángel Reiriz, camiño en medio; Sur, de María Costa, camiño en medio; Este de José Rego, y Oeste, más de Ángel Reiriz”.

VISTO o informe da Secretaría Xeral de data 21 de xullo de 2023 e en aras do interese xeral

VISTO que pola súa incidencia no inventario de bens compete ao Pleno da Corporación resolver sobre o presente expediente e



CONSIDERANDO os artigos 271 e 273 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os artigos 9, 10, 12 e 32 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño e a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Por medio da presente proponse ao Pleno da Corporación, (previa ratificación sobre a inclusión deste punto na orde do día tal como establece o artigo 82.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, toda vez que pola proximidade do Pleno Organizativo para o mandato 2023-2027 e a inminente obriga de convocar Pleno Ordinario no deus tempo material á convocar a preceptiva Comisión Informativa), que adopte acordo favorable sobre a seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO. Aceptar a cesión gratuíta efectuada a favor do Concello de Ribeira por parte de **D.Francisco Sanlés Sampedro, DNI nº 33154638 do ben inmovible coas seguintes características:**

“**finca rústica sita en Castiñeirás:** Candexás, a tojal, de oito concas o tres áreas veintidós centiáreas, que linda: Norte, de heredeiros de Ángel Reiriz, camiño en medio; Sur, de María Costa, camiño en medio; Este de José Rego, y Oeste, más de Ángel Reiriz”.

SEGUNDO:- Deixar constancia de que en todo caso o inmovible de referencia adquirese libre de cargas, gravames, arrendamentos e ao corrente no pago de impostos

TERCEIRO:- Agradecera D.Francisco Sanlés Sampedro esta doación e notificarlle para que o ben persoalmente o ben a través de persoa apoderada compareza para que proceda á sinatura da Escritura pública da adquisición do ben inmovible.

CUARTO. Inscribir o ben no Libro Inventario de Bens do Concello e remitir a documentación necesaria para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposta, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria a porposta de Alcaldía transcrita, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (5 BNG, 5 PPB, 1 Ps de G-Psoe)

-VOTOS EN CONTRA: 9 PP

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** do seu número legal **aprobala** proposta transcrita sobre **ACEPTACIÓN CESIÓN GRATUITA DE BEN INMOBIL E EFECTUADA POR D. FRANCISCO SANLÉS SAMPEDRO** e en consecuencia aproba:



PRIMEIRO. Aceptar a cesión gratuíta efectuada a favor do Concello de Ribeira por parte de **D.Francisco Sanlés Sampedro, DNI nº 33154638 do ben inmoible coas seguintes características:**

“finca rústica sita en Castiñeiras:Candexás, a tojal, de oito concas o tres áreas veintidós centiáreas, que linda: Norte, de heredeiros de Ángel Reiriz, camiño en medio; Sur, de María Costa, camiño en medio; Este de José Rego, y Oeste, más de Angel Reiriz”.

SEGUNDO:- Deixar constancia de que en todo caso o inmoible de referencia adquirese libre de cargas, gravames, arrendamentos e ao corrente no pago de impostos

TERCEIRO:-Agradecera D.Francisco Sanlés Sampedro esta doación e notificarlle para que o ben persoalmente o ben a través de persoa apoderada compareza para que proceda á sinatura da Escritura pública da adquisición do ben inmoible.

CUARTO. Inscribir o ben no Libro Inventario de Bens do Concello e remitir a documentación necesaria para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

3.- PRÓRROGA FORZOSA SAF (ART 29.4 LEI 9/2017). ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dase conta ao Pleno da Corporación dunha proposta da Alcaldía de data 26 de xullo de 2023 do seguinte tenor literal:

“PRÓRROGA FORZOSA (ART. 29.4 LCSP) DO CONTRATO ASINADO CON “SON A TÚA AXUDA, S.L.” PARA A PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA”.

O Pleno do Concello de Ribeira, en sesión celebrada na data 22/06/2020, acordou adxudicar o contrato para a prestación do “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA” á empresa “SON A TÚA AXUDA, S.L.” (CIF:B70398425).

O correspondente contrato formalizouse en documento administrativo na data 23/07/2020 para unha duración de un (1) ano contado a partir da data de inicio da prestación do servizo 01/08/2020.

Rexen n o contrato o Prego de prescricións técnicas e o Prego de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 23/08/2019.

Mediante o decreto da alcaldía de data 15/10/2019 resolveuse admitir a trámite o escrito de alegacións presentado na data 14/10/2019 (registro de entrada nº 14442) por José María Hernández de Andrés, en nome e representación da entidade Asociación Estatal de Entidades de Servicios de Atención a Domicilio, en relación coa aprobación dos Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexen a licitación.

A Alcaldía por decreto número 201911/038 de data 06/11/2019 resolveu proceder a realizar unha nova publicación dos Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexen a licitación pública para a contratación do “Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Ribeira”, una vez incorporadas ós mesmos as alegacións e suxerencias referidas no sentido de delimitar e acoutar o número de melloras a ofertarse (límite) nos termos que se indican no citado decreto.

Prórrogas formalizadas:

- Primeira prórroga: O Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 26/07/2021 acordou “Conceder unha prórroga de un ano para a vixencia do contrato asinado coa empresa SON A TÚA AXUDA, S.L. (CIF:B70398425) para a prestación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA.”
- Segunda prórroga: O Pleno da Corporación Municipal na súa sesión ordinaria da data 26/07/2022, acordou “Conceder unha prórroga de un ano para a vixencia do contrato asinado coa



empresa SON A TÚA AXUDA, S.L. (CIF:B70398425) para a prestación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA.”

- Renuncia da empresa SON A TÚA AXUDA, á prórroga do contrato vixente de servizo de axuda a domicilio do Concello de Ribeira, de data 02/12/2022.
- Nova licitación: O Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefa do departamento municipal de servizos sociais María Francisca Vidal Regueira, en data 11/04/2023, o expediente de contratación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, o Prego de cláusulas administrativas particulares e o correspondente gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 231D.22798 e 231D.22799, aprobáronse por acordo do Pleno da Corporación de data 24/04/2023.
- A licitación enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) na data 26/04/2023 sendo publicada na data 28/04/2023, así mesmo anunciouse no Perfil do Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 26/04/2023.
- A esta data a licitación atópase en fase de valoración dos sobres B.

De acordo coa cláusula sétima do do Prego de cláusulas administrativas particulares, “Cando ao vencemento do contrato non se formalizase o novo contrato que garanta a continuidade na prestación do servizo que ten que realizar o contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato ata que comece a execución do novo contrato por un período máximo de 9 meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio do novo contrato se publicase cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario. (Art. 29.4 LCSP)”.

Vistos os antecedentes citados,

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN (previa ratificación sobre a inclusión deste punto na orde do día tal como establece o artigo 82.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, toda vez que pola proximidade do Pleno Organizativo para o mandato 2023-2027 e a inminente obriga de convocar Pleno Ordinario no deo tempo material á convocar a preceptiva Comisión Informativa), que, adopte acordo favorable sobre a seguinte proposta:

PRIMEIRO. Prorrogar a vixencia do contrato asinado coa empresa “SON A TÚA AXUDA, S.L.” (CIF:B70398425) para a prestación do “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA”, ate que que comece a execución do novo contrato, por un período máximo de 9 meses, sen modificación das condicións do contrato, de conformidade ao artigo 29.4 da LCSP recollido na cláusula 7º do PCAP.

SEGUNDO.-Aprobar o gasto correspondente.

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar asanotacións contables que procedan.

CUARTO.-Notificar ao contratista a aprobación da prórroga, con indicación dos recursos pertinentes.”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposta, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria a porposta de Alcaldía transcrita, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 20 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 9 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0



-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinte membros presentes dos ventíun que de dereito o integran **aprobala** proposta transcrita sobre **3.- PRÓRROGA FORZOSA SAF (ART 29.4 LEI 9/2017). ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN** e en consecuencia aproba:

PRIMEIRO. Prorrogar a vixencia do contrato asinado coa empresa “SON A TÚA AXUDA, S.L.” (CIF:B70398425) para a prestación do “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE RIBEIRA”, ate que comece a execución do novo contrato, por un período máximo de 9 meses, sen modificación das condicións do contrato, de conformidade ao artigo 29.4 da LCSP recollido na cláusula 7º do PCAP.

SEGUNDO.-Aprobar o gasto correspondente.

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar asanotacións contables que procedan.

CUARTO.-Notificar ao contratista a aprobación da prórroga, con indicación dos recursos pertinentes.”

PARTE II.- CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

4.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA (ART. 42 DO ROF).

De acordo co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 123.1.a do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente da conta dos decretos asinados dende a toma de posesión da presente Corporación (7 de xullo de 2023)

O Pleno da Corporación Municipal queda enterado, non producíndose manifestacións nin opinións en contra.

5.- MOCIÓN DE URXENCIA.

En cumprimento do disposto nos artigos 82, 83 e 91.4º do R.O.F., e no artigo 109.5 do R.O.M., o Sr. Alcalde-Presidente, preguntas ós/ás sres/as voceiros/as de teñen algunha moción urxente que non teña cabida na quenda de rogos e preguntas, non presentándose ningunha

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Procédese a tratar os rogos e preguntas polo seguinte orde:

Pola **Sra. Sampedro Fernández, concelleira voceira do grupo municipal do Partido Popular (PP)** preséntase o seguinte **rogo de data 28 de xullo de 2023:**

María J. Sampedro Fernández, con DNI 53484719-J, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, presenta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira, de conformidade co disposto no artigo 116.1.f do Regulamento



Orgánico Municipal, o seguinte

ROGO: EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pasada lexislatura os grupos da oposición dispuxeron dun espazo físico na Casa do Concello para, no seu labor de servizo público coma concelleiros, recibir e atender de xeito independente á veciñanza. Foi, este, outro dos pasos que demos para fortalecer e avanzar na calidade democrática deste concello, poñendo ao dispor dos grupos da oposición ferramentas para poder cumprir co seu labor dun xeito máis eficaz ao tempo que facilitar aos veciños o contacto con estas formacións.

ROGO

Se teña en consideración a solicitude de este grupo para poder dispoñer dun espazo na Casa do Concello que permita a realización do traballo diario en aras de favorecer a atención aos veciños e veciñas de Ribeira, como así se desprende, tamén, do artigo 12.1 do Regulamento Orgánico Municipal”.

O **Sr. alcalde-presidente** resposta que como é sabido o Concello vai a acometer a reforma integral da Casa Consistorial polo que en poucas semanas vaise a facer a mudanza de enseres e persoal e reubicación do mesmo. Entretanto tratarase de habilitar un espazo na planta de abaixo para que o grupo municipal do PP poida levar a cabo a súa tarefa de oposición. Estaremos en contacto con vostedes para tratar de atender esta petición o máis axiña posible.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión ás **20 horas e 20 minutos** do día da data do que eu, como Secretario dou fe e certificado.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Asdo.Luis Antonio Pérez Barral

Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle



FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/09/2023
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/09/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/09/2023 11:06:49

DOCUMENTO: 20231173447

Fecha: 26/09/2023
Hora: 11:06

CSV: 07E70011E7C700S7W7R5V3K7F9

